



A PEGADA DE EINSTEIN

A celebración do Ano Internacional da Física e o centenario da teoría da relatividade de Einstein danos un pretexto para lembrar ó científico máis importante de tódolos tempos.

En 1905 escribe catro artigos teóricos de grande trascendencia cos que estableceu as bases para a Física moderna. O primeiro sobre o movemento browniano, o segundo sobre o efecto fotoeléctrico, polo que obtivo en 1921 o premio Nobel de Física, o terceiro sobre a electrodinámica dos corpos en movemento e o cuarto sobre a teoría restrinxida da relatividade.

Pero Einstein non só nos ensinou sobre os efectos e natureza da relatividade, ou sobre a equivalencia de masa e enerxía; en obras e palabras deu testemuños notables de curiosidade, de creatividade, de sentido crítico, de rebeldía e inconformismo, de constancia ou de agarimo á humanidade. Ademais dun grande científico foi un grande humanista e pacifista.

Na súa obra, xunto aos escritos científicos sobre a teoría da relatividade, a evolución da física ou o método científico, atópanse tamén artigos e conferencias sobre dereitos humanos, relixión e ciencia, guerra atómica e paz, política...

O repaso á vida e obra de Einstein dános a oportunidade para coñecelo algo máis, para sentir máis preto a súa pegada.

Obxectivos:

- Dar a coñecer a vida e a obra deste grande científico chamado Einstein.
- Despertar o interese do alumnado pola ciencia.

Actividades:

- Conferencia por D. Eduardo Pardo Pérez da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía : “Einstein e a Teoría da Relatividade”.
- Exposición “Ano Internacional da Física”-“A pegada de Einstein”.

- “O día de Einstein” nos 2º de Bacharelato de Ciencias. Einstein será o protagonista durante un día nas materias de Lingua, Historia, Inglés, Bioloxía, Métodos Estatísticos, Física e Química.
- “A pegada de Einstein”. Einstein será o protagonista durante un día, de maneira especial, na materia de Física e Química en Secundaria e 1º de Bacharelato.